



PROCEDEMENTO : TR358A. SUBVENCIÓN ÁS ENTIDADES ASOCIATIVAS DE PERSOAS TRABALLADORAS AUTÓNOAS E A CONTRATACIÓN DE PERSOAL DE APOIO.
Nº EXPEDIENTE : TR358A-2025-00000003-00
SOLICITANTE : ASOCIACIÓN GALLEGA DE TRABAJADORES AUTÓNOOS Y DEL MAR, AGTAMAR
NIF: G94116993
ASUNTO: RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN DA AXUDA

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.-Con data 17/03/2025, a ASOCIACIÓN GALLEGA DE TRABAJADORES AUTÓNOOS Y DEL MAR, AGTAMAR, presenta solicitude de axuda ao abeiro da *Orde do 3 de xaneiro de 2025, pola que se establecen as bases reguladoras dos programas de subvencións para sufragar os gastos de funcionamento das entidades asociativas galegas de persoas traballadoras autónomas e a contratación de persoal de apoio, e se convocan para o ano 2025 (código de procedemento TR358A).*

Achégase coa dita solicitude a documentación esixida na orde de convocatoria.

Solicítase o seguinte tipo de axuda:

- Subvención ás entidades asociativas para o seu funcionamento.
- Subvención para a contratación laboral dunha persoa que realice funcións de asesoría e apoio.

SEGUNDO.-Na tramitación do presente expediente observáronse todos os requisitos e prescricións legais.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- A competencia para resolver, por delegación da persoa titular da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, desta Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais para coñecer e resolver a presente solicitude vén determinada polo artigo 10 e pola disposición adicional segunda da *Orde do 3 de xaneiro de 2025, pola que se establecen as bases reguladoras dos programas de subvencións para sufragar os gastos de funcionamento das entidades asociativas galegas de persoas traballadoras autónomas e a contratación de persoal de apoio, e se convocan para o ano 2025 (código de procedemento TR358A).*

SEGUNDO.- Logo da correspondente fiscalización e dado que a solicitude presentouse en prazo hábil e cumpre todos os requisitos e condicións esixidas na orde de convocatoria para o tipo de axuda que se solicita, procede conceder a subvención, na contía e polo concepto que se indica na parte dispositiva.

Unha vez vistos os preceptos citados e demais de xeral e pertinente aplicación,

ACORDO

1. Conceder á ASOCIACIÓN GALLEGA DE TRABAJADORES AUTÓNOOS Y DEL MAR, AGTAMAR, a axuda para sufragar os gastos de funcionamento das entidades asociativas de persoas traballadoras autónomas e a contratación de persoal de apoio na contía e polo concepto que a continuación se indica:



Subvención para sufragar os gastos de funcionamento das entidades asociativas de persoas traballadoras autónomas por un importe de 80.882,02 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 14.02.322C.481.3, código de proxecto 2015 00494, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025.

2. Esta resolución de concesión emitirase atendendo ás manifestacións contidas nas declaracións responsables recollidas no formulario de solicitude, subscrita pola persoa que a realiza, baixo a súa responsabilidade e coas repercusións que ten a súa falsidade reguladas na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia. O cumprimento dos requisitos exixidos serán obxecto de comprobación con posterioridade á resolución da concesión. (Artigo 27 da orde de convocatoria).

3. A entidade beneficiaria deberá xustificar, telematicamente, no prazo establecido na resolución de concesión para a liña 1 e , en todo caso, ata o 25 de novembro de 2025 desde a recepción da axuda, a aplicación desta axuda aos gastos subvencionables (artigo 20 da orde de convocatoria) e para a liña 2, no prazo de 15 días hábiles desde a contratación e, en todo caso, ata o 1 de xuño de 2025 (art. 20 da orde de convocatoria).

4. Lémbbraselle á entidade beneficiaria o necesario cumprimento das obrigas recollidas no artigo 23 da orde de convocatoria.

O réxime de incompatibilidades e concorrencia desta subvención con outras axudas está previsto no artigo 22 da orde de convocatoria.

Notifíquese esta resolución á persoa interesada, facéndolle saber que pon fin á vía administrativa e contra ela cabe formular recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses que comezará a contar dende o día seguinte ao da súa notificación, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia; así mesmo, con anterioridade e con carácter potestativo, poderá interpoñer recurso de reposición*, no prazo dun mes que comezará a contar dende o día seguinte ao da súa notificación, ante esta Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, todo iso de conformidade co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa e na Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Pablo Fernández López

Secretario xeral de Emprego e Relacións Laborais

(“Para a presentación do recurso de reposición, lembre que ten dispoñible na Sede electrónica, dentro da pestana “acción” a opción, “Recurso de reposición”).

